

Nomeo director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia a Alfonso Sánchez Izquierdo.

Santiago de Compostela, vinte e oito de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

### CONSELLERÍA DO MAR

*Orde do 20 de maio de 2009 pola que se dispón o nomeamento dos vogais e do secretario do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).*

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, establece no seu artigo 7 o carácter e constitución do seu Consello de Administración e os artigos 3.1º e 4.1º do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, do seu regulamento, que a consellería competente en razón á materia nomeará o secretario e catro dos seus vogais.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

-O nomeamento como vogais do Consello de Administración do Intecmar de:

Francisco José Vidal-Pardo Pardo.

Pablo Ramón Fernández Asensio.

Susana Rodríguez Carballo.

Paloma Rueda Crespo.

-O nomeamento como secretario do Consello de Administración do Intecmar de:

Juan Carlos Maneiro Cadillo.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2009.

Rosa Mª Quintana Carballo  
Conselleira do Mar

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 25 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se abre un novo prazo de presentación de solicitudes para a participación nos cursos que se realizará en Buenos Aires (Arxentina), Montevideo (Uruguai) e Caracas (Venezuela), incluídos no Programa de escolas abertas presenciais 2009 destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior e convocados por Resolución do 17 de marzo de 2009.*

Mediante Resolución do 17 de marzo de 2009 (DOG nº 60, do 27 de marzo), a Secretaría Xeral da Emigración convocou o Programa de escolas abertas presenciais 2009 destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 27 de abril de 2009, o número de solicitudes para os cursos convocados nas cidades de Buenos Aires (Arxentina), Montevideo (Uruguai) e Caracas (Venezuela) é inferior ao número mínimo de alumnos necesario para a celebración dos cursos.

Así pois, ao non terse acadado o número mínimo de alumnos para a celebración dos obradoiros, é necesario abrir un novo prazo público de presentación de solicitudes na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración.

De acordo co anterior, o secretario xeral da Emigración, en virtude das competencias que ten atribuídas,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes para os cursos convocados nas cidades de Buenos Aires (Arxentina), Montevideo (Uruguai) e Caracas (Venezuela), de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com), nas seguintes modalidades:

Escolas abertas do exterior

\*Buenos Aires (Arxentina):

-Formación do voluntariado social.

-Gaita tradicional galega.

-Baile tradicional galego.

\*Montevideo (Uruguai):

-Formación do voluntariado social.

-Gaita tradicional galega.

-Baile tradicional galego.

\*Caracas (Venezuela):

-Gaita tradicional galega.